



### CONCELLOS

#### CASTROVERDE

##### Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 19 de febreiro de 2025, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de xaneiro de 2025, por un importe de 8.560,18 euros 812,00 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 19 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0526

### CHANTADA

##### Anuncio

#### APROBACION DEFINITIVA ORZAMENTO 2025

O pleno do Concello de Chantada , en sesión celebrada ó día 30/01/2025 acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral , bases de execución, subvencións nominativas e plantilla de persoal para o exercicio económico 2025.

O expediente someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 29 do 5 de febreiro do 2.025.

Rematado o prazo de información pública conséntase que non se presentou reclamación algunha , polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publicase o resume do mesmo por capítulos e a plantilla de persoal:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.595.459,91
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	180.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	989.992,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.905.501,80
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	

7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	394.683,29
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
9	PASIVOS FINANCIEROS	325.000,00
<b>TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>9.400.537,00</b>
<i>ESTADO DE GASTOS</i>		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.393.981,91
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	4.443.396,38
3	GASTOS FINANCIEROS	14.871,68
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	370.296,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	815.421,03
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	328.570,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
9	PASIVOS FINANCIEROS	34.000,00
<b>TOTAL DO ESTADO DE GASTOS</b>		<b>9.400.537,00</b>

COD	DENOMINACION POSTO	NºP	CD	CE	ADM	Grupo	OBESERVACIONES
1000	Secretario/a	1	30	33.276,32 €	AE	A1	
1002	Arquitecto/a	1	26	16.990,78 €	AL	A1	
1003A	Xefe/a de Negociado (Coordinador/a)	1	22	21.853,04 €	AL	C1	
1003B	Xefe/a de Negociado (Contratación)	1	22	18.006,12 €	AL	C1	
1004	Administrativo/a	1	21	15.067,47 €	AL	C1	
1005	Auxiliar Administrativo/a	2	18	9.510,66 €	AL	C2	
1009	Conserxe	3	14	9.136,57 €	AL	AP	
2000	Interventor/a	1	30	33.276,32 €	AE	A1	
2003	Técnico/a Xestión	1	26	18.594,05 €	AL	A2	
2004	Administrativo/a	1	21	15.067,47 €	AL	C1	
2005	Auxiliar administrativo/a	1	18	9.510,66 €	AL	C2	
2100	Tesoureiro/a	1	26	25.390,63 €	AE	A1	
3223	Xefe/a de Negociado (Electricidade)	1	22	21.746,28 €	AL	C1	
3225	Encargado/a Electricista	1	17	12.983,63 €	AL	C2	
7100	Oficial Xefe Policia	1	20	19.341,79 €	AL	C1	
7107	Oficial	1	20	15.761,74 €	AL	C1	
7108	Policia Local	6	18	13.464,50 €	AL	C1	nocturnidade: 4.852,42 €

PLANTILLA DE PERSOAL

## PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	Grupo	SITUACION
1002	Arquitecto/a	1	24	16.990,78 €	I	
1004	Administrativo	1	19	11.915,12 €	III	
1005	Auxiliar administrativo/a	1	16	7.490,85 €	IV	
3215	Oficial Encargado Obras	1	17	12.983,63 €	IV	
3216	Oficial	4	14	4.360,01 €	IV	
3226	Oficial electricista	1	14	7.940,05 €	IV	
3236	Oficial encargado/a Xardineria	1	17	12.983,63 €	IV	
3237	Xardineiro/a	1	14	7.191,28 €	IV	
3238	Peón Xardineiro/a	4	10	3.847,06 €	V	
3246	Oficial Encargado/a (Medioambiente)	1	14	8.281,65 €	IV	
4000	Coordinador/a Servizos Sociais	1	18	6.732,50 €	II	
4001	Traballador/a Social	2	16	3.633,41 €	II	
4003	Educador/a Social	1	16	897,68 €	II	
4005	Auxiliar Administrativo/a	1	14	1.453,44 €	IV	
4011	Asesor/a Xurídico/a (CIM)	1	20	1.656,45 €	I	
4012	Psicólogo/a	1	20	1.656,45 €	I	PTP 40% 662,35 €
5115	Responsable OMIX	1	14	897,68 €	IV	PTP 50% 448,84 €
5123	AEDL	1	20	1.656,45 €	I	
5133	Bibliotecario/a	1	20	8.815,95 €	II	
5134	Técnico/a de Cultura	1	15	4.167,64 €	III	
5143	Técnico/a de Turismo	2	15	4.167,64 €	III	P.DISC 6 MESES 2.083,77 €
6116	Técnico/a deportivo/a	4	15	2.885,21 €	III	
6117	Monitor/a deportivo/a	7	14	2.179,94 €	IV	
6114	Auxiliar mantemento	1	14	1.923,61 €	IV	

Ao abeiro do disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime local publícase a masa salarial laboral aprobada por importe de 686.310,66 €.

O orzamento entrará en vigor con efectos 1 de xaneiro, unha vez publicado.

Chantada, 27 de febreiro do 2025.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0550

## FOZ

*Anuncio*SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as **normas para seleccionar**:

**1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O CONCELLO DE FOZ A XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN 2 MESES DENTRO DO Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo "Programa Reforzo do Emprego 2024".**

**2 PRAZAS DE OFICIAL DE OBRAS PARA O CONCELLO DE FOZ A XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN 6 MESES DENTRO DO Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo "Programa Reforzo do Emprego 2024".**

**Prazo de presentación de instancias:** 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

**Requisitos do posto de traballo:** recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de febreiro de 2025, a disposición dos interesados no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz ([www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es)).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 25 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R.0527

## LOURENZÁ

*Anuncio*

## NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **XANEIRO** de 2025

**EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de **XANEIRO** de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 5 de febreiro de 2025.- A Alcadesa, D.<sup>a</sup> Rocío López García.

R. 0528

**MEIRA***Anuncio***CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2025 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de (5) peóns de servizos múltiples en réxime de laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan de Cooperación cos Concellos 2025, programa de Reforzo do Emprego.

De acordo coa Base 5ª das que rexen o procedemento selectivo, faise público dito procedemento selectivo mediante anuncio da convocatoria no BOP de Lugo e a publicación íntegra das bases no Taboeiro de Anuncios.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a presentación de instancias dende a publicación deste anuncio no BOP.

Meira, 24 de febreiro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0529

**AS NOGAIS***Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA. AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE HORARIO DE PECHE DOS NEGOCIOS HOSTELEIROS DURANTE AS FESTIVIDADES DO 2025.**

Por Resolución de Alcaldía, de data 24 de febreiro de 2025, aprobouse a solicitude de autorización de ampliación de horario de peche dos negocios hosteleiros durante as festividades do 2025. Expediente 59/2025.

Visto que tivo entrada neste Concello, o día 18/02/2025, número 2025-E-RC-95, escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI \*\*\*2806\*\*, en nome e representación acreditada da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalería deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- **ENTROIDO:** Todas as noites dende a noite do 27 ao 28 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 4 ao 5 de marzo (incluída).
- **SEMANA SANTA:** Todas as noites dende a noite do 12 ao 13 de abril ata a noite do 19 ao 20 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** Todas as noites dende a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 3 ao 4 de maio.
- **LETRAS GALEGAS:** Todas as noites dende o 16 ao 17 de maio ata a noite do 17 ao 18 de maio.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** Todas as noites dende a noite do 24 ao 25 de xullo ata a noite do 26 ao 27 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** Todas as noites dende a noite do 14 ao 15 de agosto ata a noite do 16 ao 17 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** Todas as noites dende a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 1 ao 2 de novembro (incluída).
- **PONTE DA CONSTITUCION:** Todas as noites dende a noite do 5 oa 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** Todas as noites dende a noite do 22 ao 23 de decembro de 2025 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 (incluída).

Visto, que a maior abastanza, e en relación coa solicitude cursada, está programada a celebración da XVIII Feira da Empanada durante os días 24 e 25 de maio, así como as Festas Patronais de As Nogais durante os días 1, 2 e 3 de agosto, deste mesmo ano.

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, desfrutarase de máis tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. *En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

5. *Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”*

Vista a proposta de resolución PR/2025/9, de 24 de febreiro de 2025./Vista la propuesta de resolución PR/2025/9, de 24 de febrero de 2025.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación; RESOLUCIÓN:

**Primeiro.-** Autorizar a ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con produción de efectos dende a data da presente resolución:

- **ENTROIDO:** Todas as noites dende a noite do 27 ao 28 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 4 ao 5 de marzo (incluída).
- **SEMANA SANTA:** todas as noites dende a noite do 12 ao 13 de abril ata a noite do 19 ao 20 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites dende a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 3 ao 4 de maio.
- **LETRAS GALEGAS:** Todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 17 ao 18 de maio.
- **XVIII FEIRA DA EMPANADA:** a noite do 24 ao 25 de maio.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** todas as noites dende a noite do 24 ao 25 de xullo ata a noite do 26 ao 27 de xullo.
- **FESTAS PATRONAIS DE AS NOGAIS:** a noite do 1 ao 2 de agosto e a noite do 2 ao 3 de agosto.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** todas as noites dende a noite do 14 ao 15 de agosto ata a noite do 16 ao 17 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** Todas as noites dende a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 1 ao 2 de novembro (incluída).
- **PONTE DA CONSTITUCION:** Todas as noites dende a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites dende a noite do 22 ao 23 de decembro de 2025 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 (incluída).

**Segundo.-** Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Comandancia da Garda Civil de Becerreá para o seu coñecemento.

**Terceiro.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>)”.

As Nogais, 25 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R.0530

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO DE 2025**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de Febreiro de 2025 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Xaneiro de 2025 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Xaneiro de 2025: 2.687,8 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de abril de 2025 e o 01 de maio de 2025. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 20 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0531

## RIBADEO

### Anuncio

#### **BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTO DE TRABALLO DE CARACTER LABORAL**

**POSTO DA RPT MUNICIPAL: Número 1101/Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.**

##### **1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.-**

O obxecto das presentes bases é **a cobertura con carácter fixo** do posto de traballo sinalado na RPT municipal co número 1101 suxeito a lexislación laboral. OEP 2025. DOG núm.30 de 13/02/2025

##### **2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:**

**Grupo.** Asimilado a un Grupo dos de funcionarios A. Subgrupo A1

**Clasificación:** Cadro de Persoal Laboral fixo. Administración Especial. Servizos Especiais

**Denominación:** Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. Técnico.

**Adscripción:** Comercio e Desenvolvemento Local.

##### **3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.**

Segundo se fixan na RPT municipal vixente.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

**4. SISTEMA DE SELECCIÓN:** concurso-oposición.

**5. NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:** Unha + bolsa**6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

**a) Xerais:** Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**b) Específicos:**

Estar en posesión de Licenciatura ou Grao en Dereito, en Dirección e Administración de Empresas, en Ciencias Económicas, Ciencias Empresariais.

Estar en posesión do permiso de conducir de clase B

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento /sinatura de contrato laboral.

**c) Dereitos de Exame:** Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 20,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

**7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-**

Estas bases específicas faranse públicas no Boletín Oficial da provincia de Lugo e tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal [www.ribadeo.gal/sede\\_electrónica](http://www.ribadeo.gal/sede_electrónica).

A convocatoria para comezo do prazo para presentación de solicitudes efectuarase no BOE

Os sucesivos anuncios relativos ao proceso de selección faranse públicos a través do tablón de anuncios do Concello e web municipal [www.ribadeo.gal/sede\\_electrónica](http://www.ribadeo.gal/sede_electrónica).

Non se efecturarán notificacións individuais.

**8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-**

As instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo de **vinte días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das AA.PP.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.



Igualmente as persoas aspirantes comprometéense, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e **non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.**
- Xustificante, no seu caso, do título ou Certificado de idioma galego (CELGA 4 ou superior).
- Resgardo d pagamento das taxas correspondentes.

### **9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase emendar de oficio ou a instancia de parte segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

### **10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-**

#### **A) Fase de oposición:**

Serán tres exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio:

**Primeiro exercicio:** Consistirá na contestación, por escrito, de forma lexible, durante un prazo máximo de 60 minutos, a 5 preguntas, propostas polo tribunal, relacionadas coas materias do programa que figura no anexo. (Parte xeral e específica)

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

**Segundo exercicio:** Consistirá en desenvolver por escrito durante un tempo máximo de tres (3) horas, tres temas extraídos ao chou de entre os comprendidos no programa do anexo ( **parte específica do mesmo** )

Neste exercicio valorarase a comprensión dos coñecementos, o volumen do exercicio o rigor analítico, sistemática, claridade do exercicio e das ideas expostas, tamén a capacidade de expresión escrita.

**Terceiro exercicio:** Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos que o tribunal determine, durante un prazo máximo de 3 horas e que estarán relacionados coas materias do programa que figura no anexo.

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos.

**Cuarto exercicio.-** De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primeiro exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario. Cualificarase como APTO ou NON APTO.

\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego **Celga 4 ou equivalente**, debidamente homologado, correspondente

ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

**Cualificación final:** A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións nos diferentes exercicios da oposición mais os da fase de concurso.

#### **B) Fase de concurso:**

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase con posterioridade á celebración da fase de oposición para aqueles que superasen os tres exercicios.

**Cualificación final:** A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

#### **11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Estará constituído polas seguintes persoas:

##### **Presidente:**

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

**Vogais:** 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

**Secretario:** O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

#### **12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-**

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento/sinatrura de contrato laboral.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado público a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

#### **13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumpri-los requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.

4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.

7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).

8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

#### **14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-**

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión/asinar contrato laboral no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento será publicado no BOP de Lugo.

#### **15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-**

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **16.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.**

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, e ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que non obtiveran praza.

#### **17.- INCIDENCIAS**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

## **ANEXO I**

### **A) FASE DE OPOSICION**

#### **TEMARIO.-**

##### **A) PARTE XERAL.**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

Tema 2.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

Tema 3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

Tema 4.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

Tema 5.- O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

Tema 6.- A provincia no réxime local. O Concello de Ribadeo. O termo municipal. Superficie. Estrutura. Parroquias. Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria do Concello na actualidade.

Tema 7.- A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas. Especial referencia aos procedementos en materia de responsabilidade.

Tema 8.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.

Tema 9.- Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.

Tema 10.-Poder xudicial. Consello Xeral do Poder Xudicial. Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional.

Tema 11.-Comunidade Autónoma Galega. Estatuto de autonomía. Parlamento de Galicia.

Tema 12.-Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica. Competencias.

Tema 13.-Municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

Tema 14.-Sometemento da administración á lei e dereito. Principio de legalidade.

Tema 15.-. As fontes do Dereito público. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas.

Tema 16.-Potestade regulamentaria dos entes locais. Regulamento orgánico. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Elaboración e aprobación. Límites da potestade regulamentaria.

Tema 17.-O procedemento administrativo común. Principios. Fases.

Tema 18.-O procedemento administrativo. A execución forzosa.

Tema 19.- O Procedemento administrativo sancionador.

Tema 20. O procedemento administrativo na responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

##### **B)PARTE ESPECÍFICA.-**

Tema 1.- Desenvolvemento local. Características, obxectivos e evolución

Tema 2.- O desenvolvemento local. Definición. Ámbitos e liñas de actuación. Axentes e Actores.

Tema 3.- A orixe da figura da AEDL. O axente de emprego e desenvolvemento local. Perfil e competencias.

- Tema 4.-Recursos de información para o axente de emprego e desenvolvemento local. Coñecementos, habilidades e actitudes.
- Tema 5.- A relación de comunicación entre o AEDL - Emprendedor e o proceso de asesoramento.
- Tema 6.- Os Servizos Públicos de Emprego. O Servizo público de emprego en Galicia.
- Tema 7.- A intermediación pública de emprego. Concepto, características, principios básicos e os axentes da intermediación pública.
- Tema 8.- Os subsistemas de formación Profesional. Definición, ámbito e características.
- Tema 9.- Os Programas de formación en alternancia co emprego en Galicia.
- Tema 10.- A formación para o emprego en Galicia e as accións formativas dirixidas principalmente a desempregados.
- Tema 11.- Galicia ante o desafío do desemprego xuvenil.
- Tema 12.-Principais políticas no ámbito da provincia de Lugo para o fomento e promoción do emprego.
- Tema 13.- O emprendemento social.
- Tema 14.- As Redes de economía social en Galicia
- Tema 15.- As sociedades laborais. Concepto e características. Trámites para a súa constitución.
- Tema 16.- O cooperativismo en Galicia. Principios cooperativos e características substancias das cooperativas.
- Tema 17.-O emprendemento e apoio na economía social. Trámites principais.
- Tema 18 .- Emprendedores, impulsores do progreso. O concepto de emprendedor. Tipos de emprendedor. A transición de emprendedor a empresario. Compoñentes da iniciativa emprendedora.
- Tema 19.- Necesidades e solucións derivadas da globalización no tecido produtivo.
- Tema 20.- As novas tecnoloxías como oportunidade de emprendemento.
- Tema 21.-Clasificación das empresas que conforman o tecido empresarial atendendo os parámetros e características de cada entidade.
- Tema 22.- Alternativas na constitución da idea emprendedora.
- Tema 23.- Riscos e vantaxes derivados da elección da forma xurídica.
- Tema 24.- Principais aspectos fiscais a considerar polo emprendedor en relación ao primeiro ano de actividade.
- Tema 25.- O Autónomo como figura de emprendemento. Trámites de inicio de actividade.
- Tema 26.- O traballador autónomo economicamente dependente e o autónomo colaborador.
- Tema 27.- A sociedade limitada, posta en marcha. Concepto, características. Vantaxes e inconvenientes de sociedade limitada.
- Tema 28.- Concepto e principais características da Sociedade civil e da Comunidade de Bens. Trámites para a súa posta en marcha.
- Tema 29.- Financiamento social dos emprendedores.
- Tema 30.- Características dos recursos e fontes do financiamento empresarial.
- Tema 31.- Principais vías de financiamento ligadas ao novo emprendedor desempregado.
- Tema 32 .- O desenvolvemento da idea de negocio e a súa viabilidade.
- Tema 33.- Principais aspectos a ter en conta no proxecto económico e financeiro da idea de negocio.
- Tema 34.- Proxecto comercial vinculado a novas actividades empresariais.
- Tema 35.- A nova evolución industrial en Galicia.
- Tema 36.- Desafíos do sector secundario da Provincia de Lugo e da Mariña Lucense.
- Tema 37.- Desafíos dos sectores secundario e terciario no municipio de Ribadeo.
- Tema 38.-Lei 9/2017 de 8 de novembro. Procedementos de contratación das administracións públicas. Tipos de contratos. Regulación harmonizada.
- Tema 39.-Órganos de contratación. Capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións de contratar. Clasificación. Sucesión do contratista.

- Tema 40.-O prezo do contrato. Valor estimado. Revisión de prezos. Garantías. Criterios de adjudicación. Execución e modificación dos contratos.
- Tema 41.-O persoal ao servizo das entidades locais. Secretaría da Corporación. Persoal funcionario: Texto refundido do Estatuto do Empregado Público. Lei de Emprego público de Galicia.
- Tema 42.-Persoal laboral. Procedementos de selección. Prestacións do traballador e do empresario. Dereitos e deberes Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Tema 43.-Modalidades de contratación. Contratos formativos. Contratos de duración determinada. Contratos de traballo por tempo indefinido. Convenios e acordos colectivos de traballo. Suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Tema 44.-Liberdade sindical e dereito de folga. Outras medidas de conflito colectivo.
- Tema 45.-Licenzas de actividade: Lei 9/2013 de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade e Decreto 144/2016 de 22 de setembro de regulación integrada de actividades económicas e apertura establecementos.
- Tema 46.-A actividade subvencional das administracións públicas. Concesión, xestión e reintegro. Infraccións e sancións.
- Tema 47.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Ambito de aplicación da Lei. Disposicións comúns
- Tema 48.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Procedementos de concesión.
- Tema 49.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Procedemento de concesión directa. Procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva.
- Tema 50.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Procedemento de xestión e xustificación de subvencións.
- Tema 51.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Reintegro de Subvencións. Procedemento de Reintegro.
- Tema 52.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. O control financeiro das subvencións.
- Tema 53.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. As infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.
- Tema 54- Plans de desenvolvemento local. Características. Fases de elaboración dun plan de desenvolvemento local.
- Tema 55.-Política estrutural da Unión Europea. Axudas transitorias. Fondos estruturais: instrumentos financeiros.
- Tema 56.-Discapacidade e inclusión social. Normativa reguladora do recoñecemento, declaración e cualificación.
- Tema 57.Programas integración do discapacitado. Incentivos á contratación de persoas discapacitadas.
- Tema 57.-Formación profesional para o emprego. Formación ocupacional. Certificados de profesionalidade. Carnets profesionais.
- Tema 58.-A estratexia europea polo emprego. Obxectivos. Plans nacionais.
- Tema 59.-Programación de fondos europeos da política de emprego da Unión Europea. Marcos comunitarios de apoio e programas operativos.
- Tema 60.-Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Cofinanciamento e xestión de proxectos con FEDER.
- Tema 61-Fondo social europeo (FSE). Cofinanciamento e xestión de proxectos do FSE.Verificacións e controis.
- Tema 62.-Novos instrumentos financeiros de financiamento e proxectos de desenvolvemento local.
- Tema 63.-Análise económica do mercado de traballo. Indicadores territoriais e fontes estatísticas a nivel local.
- Tema 64.- Creación de emprego no ámbito da atención a dependencia.
- Tema 65.- Plans para o fomento do emprego e a creación de empresas. As pequenas e medianas empresas. Estrutura básica. Sistema e fontes de financiamento. Estratexia empresarial
- Tema 66.- A/o emprendedor/a. Formas de acceso a actividade empresarial. O novo marco para a/o emprendedor/a: o estatuto da nova empresa.
- Tema 67.- Viabilidade económica e financeira dun proxecto empresarial.

Tema 68.- Patrimonio da empresa e as súas variacións. Inmovilizado. Activo e pasivo circulante.

Tema 69.- A instrumentación contable da empresa. O ciclo contable. Medición e valoración contable da empresa.

Tema 70.- O contexto laboral actual. Relacións laborais na empresa. Xestión estratéxica dos recursos humanos. Negociación e resolución de conflitos.

## **B) FASE DE CONCURSO**

### **ANEXO II**

#### **Criterios específicos:**

##### **Formación continua:**

Estar en posesión de cursos formativos homologados directamente relacionados co posto de traballo ao que se pretende acceder, impartidos por AA.PP. ou organismos dependentes das mesmas. **Ata un máximo de 1,50 puntos segundo o baremo seguinte:**

- Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas ..... 0,02 ptos/curso
- Por cada curso de duración de 11 a 50 horas lectivas ..... 0,10 ptos/curso
- Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas ..... 0,20 ptos/curso
- Por cada curso de duración de 101 a 455 horas lectivas..... 0,50 ptos/curso
- Por cada curso de duración de 456 a 750 horas lectivas..... 1,00 ptos/curso
- Por cada curso de duración de mais de 750 horas lectivas.....1,50 ptos/curso.

***Inclúranse no apartado de cursos de duración inferior a 10 horas lectivas a razón de 0,02 puntos curso, aqueles que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados.***

***Non se valorarán aqueles cursiños realizados por entidades privadas ou non homologados pola Administración Pública.***

##### **Experiencia profesional:**

**Puntuarase ata un máximo de 1,50 puntos, consonte a seguinte escala:**

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos do posto que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,10 puntos/mes no posto de técnico e o 0,05 puntos/mes no posto de auxiliar de servizo, ata un máximo de 1,50 puntos), non se computarán servizos inferiores a un mes.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contratos de traballo ou certificacións oficiais nos que quede acreditado a súa duración, así como a categoría laboral e funcións desenvolvidas para o que foi contratado/a.

En todo caso será necesario a presentación do certificado de “Vida Laboral” expedido pola Seguridade Social actualizado.

Ribadeo, 13 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R.0532

## **RIBEIRA DE PIQUÍN**

### ***Anuncio***

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación, reunido en sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2025, a desafectación parcial do camiño con código CT0095, no lugar de Meiroi, parroquia de San Xurxo de Piquín, sométese o expediente a información pública polo prazo dun (1) mes.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Ribeira de Piquín, 26 de febreiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0536

**XERMADE***Anuncio***Establecemento prezo público Conmemoración Día da Muller**

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que pola Xunta de Goberno Local do 19/02/2025 aprobouse o establecemento do prezo público pola asistencia á Conmemoración do Día da Muller o 8 de marzo de 2025, co seguinte detalle:

- Nenas de 0 a 6 anos: de balde
- Nenas de 6 a 12 anos: 12,50€
- Para persoas empadronadas: 25€
- Para persoas non empadronadas: 30€

Xermade, 24 de febreiro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0533

**FUNDACIÓN TERREO***Anuncio*

A Asamblea de Patronos da Fundación municipal “TerrEo”, en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de febreiro de 2025, aprobou a modificación do artigo 4º do acordo regulador dos prezos públicos polas actividades económicas da Fundación municipal “TerrEo”, cuxo texto íntegro faise público para os efectos de xeral coñecemento.

Ribeira de Piquín, 26 de febreiro de 2025.- O Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

**MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4º DO ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POLA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO****Artigo 4. Tarifas**

Para os efectos de determinar os prezos aplicables aos produtos xerados polas actividades da Fundación municipal TerrEo diferenciaranse os seguintes:

PISCIFACTORÍA (TROITA ARCO IRIS)

CANTIDADE DE PRODUCTO	PREZO (IVE incluído) (10%)
0-10 KG	10,00 €/KG
11 KG - 25 KG	9,00 €/KG
26 KG - 100 KG	8,50 €/ KG
A partir de 101 KG	8,00 €/KG

PISCIFACTORÍA (TROITA ARCO IRIS-ASALMONADA)

CANTIDADE DE PRODUCTO	PREZO (IVE incluído) (10%)
0 KG - 25 KG	10,00 €/ KG
A partir de 26 KG	8,50 €/KG

R. 0537